

Expediente núm.: 1252/2019

Procedemento: Selección de Persoal laboral temporal ao abeiro da subvención para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga)

ANUNCIO DE MODIFICACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN.

En relación ás bases reguladoras das probas selectivas para a contratación de cinco traballadores/as (tres peóns de limpeza viaria e dous peóns forestais) de conformidade coa resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 21.05.2019, mediante Decreto de Alcaldía núm. 2019-0512 modifícase o primeiro párrafo da base 4 “Documentación e prazo de presentación de solicitudes” para establecer un novo prazo de presentación de instancias e engadir un novo párrafo na sinalada base 4 referido ao prazo de presentación do informe médico, quedando nos seguintes termos:

4.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia (ANEXO I) que se xunta a estas bases e deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Salceda de Caselas, **CON DATA LÍMITE 29 DE MAIO DE 2018** sendo o horario de presentación da documentación de luns a venres: 9.00 a 14.00 h.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade, compulsada polo Concello de Salceda de Caselas, funcionario de calquera das administracións públicas ou Notario.
- Informe médico ou certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase o certificado ou informe médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza no caso de resultar proposto para ocupala, quedando anuladas tódalas súas actuacións. Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo.

Para aquelas persoas que non puideran presentar este documento dentro do prazo de presentación de instancias que remata o día 29 de maio, o prazo para a presentación do informe ou certificado médico, será ata o 3 de xuño de 2019.

- Anexo II. Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada

un deles. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias, non téndose en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

- Copia compulsada polo Concello de Salceda de Caselas, funcionario de calquera das administracións públicas ou Notario da tarxeta da seguridade social.
- Certificado orixinal de titularidade de conta bancaria.
- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público (CONFORME AO ANEXO III).